



Sumario

Página

ADMINISTRACIÓN CENTRAL

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL Y ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Subdelegación del Gobierno en A Coruña

Servicio de Asuntos Jurídicos

- Acuerdos de iniciación de expedientes administrativos de revocación de licencias de armas tipo "E" 4
2011/11838

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL Y ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Subdelegación del Gobierno en A Coruña

Servicio de Asuntos Jurídicos

- Acuerdos de iniciación de expedientes administrativos de denegación de licencias de armas tipo "E" 5
2011/11977

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Infraestruturas

- Expropiacións. Clave: AC/11/049.01 6
2011/11878

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

- Número de expediente: IN407A 203/2011..... 7
2011/11866

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Xefatura Territorial de Pontevedra

- Número de expediente: IN407A 2011/72-4 8
2011/11885

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIMORTO

- Aprobación inicial modificacións de crédito nº 15 e 16, modificación anexo de inversións e da base de execución do orzamento número 51, publicación de rectificación de erro no artigo 7 da ordenanza das bases para apoio a natalidade..... 9
2011/12144

BOIRO

- Aprobación inicial de expediente MC 6/2011 (número 1/2011 de créditos extraordinarios e suplementos de crédito)..... 10
2011/11983

BOIRO

- Aprobación definitiva da modificación de bases de execucion do orzamento 2011 do Concello de Boiro 11
2011/11998

BRIÓN

- Bases reguladoras da convocatoria de subvencións e axudas para proxectos e actividades educativas e culturais complementarias emprendidas polos centros educativos 2011 12
2011/11949

Sumario (continuación)

	Página
BRIÓN	
· Bases reguladoras da convocatoria de subvencións e axudas para actividades culturais, deportivas, educativas, de interese público e promoción económica	17
	2011/11950
BRIÓN	
· Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.....	23
	2011/11984
CAMBRE	
· Bases para a convocatoria pública de bolsas de estudo curso 2011/2012.....	28
	2011/11987
A CORUÑA	
<i>Servizo de Persoal</i>	
· Corrección nombramiento personal eventual	31
	2011/11780
A CORUÑA	
<i>Área de Emprego e Empresa</i>	
· Notificación resolución Subvencións Iniciativas Municipais de Emprego do Concello da Coruña ano 2010	32
	2011/11913
A CORUÑA	
<i>Área de Emprego e Empresa</i>	
· Notificación resolución Subvencións Iniciativas Municipais de Emprego do Concello da Coruña ano 2010	33
	2011/11915
A CORUÑA	
<i>Área de Emprego e Empresa</i>	
· Notificación resolución Subvencións Iniciativas Municipais de Emprego do Concello da Coruña ano 2010	34
	2011/11916
CULLEREDO	
<i>Secretaría Xeral</i>	
· Suplencia na Alcaldía	35
	2011/11952
CULLEREDO	
<i>Secretaría Xeral</i>	
· Notificación	36
	2011/11994
CULLEREDO	
<i>Urbanismo</i>	
· Solicitud de licenza municipal para almacén de mobles e electrodomésticos	37
	2011/11891
FENE	
<i>Secretaría</i>	
· Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, tenentes de alcalde, réxime de delegacións, fixación da periodicidade das sesións plenarias, réxime das adicacións exclusivas, asistencias e indemnizacións dos membros da Corporación e outros	38
	2011/12001
FERROL	
· Notificación	48
	2011/11873
A POBRA DO CARAMIÑAL	
· Aprobación definitiva suplemento de crédito número 1/11	49
	2011/11888
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	
<i>Secretaría</i>	
· Delegación especial efectuada a prol dunha concelleira da corporación municipal.....	50
	2011/11989
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	
<i>Secretaría</i>	
· Delegación da presidencia das comisións informativas.....	51
	2011/11992
RIANXO	
<i>Secretaría</i>	
· Procedemento abreviado número 470/2011	53
	2011/11859

Sumario (continuación)

	Página
RIANXO	
<i>Secretaría</i>	
· R.A. número 1052/2011	54
	2011/11902
TEO	
· Aprobación definitiva do padrón da taxa por recollida de lixo 2011	55
	2011/11857
TEO	
· Aprobación definitiva do padrón da taxa por ocupación do dominio público con mesas e cadeiras 2011.....	56
	2011/11858
 ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA	
TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA	
TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA DEL PAÍS VASCO	
<i>Sala de lo Social - País Vasco</i>	
· Recurso de Sala número 1386/11.....	57
	2011/11869
JUZGADOS DE PRIMERA INSTANCIA	
1ª INSTANCIA-FAMILIA 3 A CORUÑA	
· Demanda de guarda y custodia y alimentos 1097/10-E	58
	2011/11862
1ª INSTANCIA 1 FERROL	
· Procedimiento ordinario 52/2009.....	60
	2011/11864
1ª INSTANCIA 3 FERROL	
· Procedimiento: divorcio contencioso 2038/2009.....	61
	2011/11877
JUZGADOS DE LO SOCIAL	
SOCIAL 1 A CORUÑA	
· Número de autos: demanda 0001427/2009.....	63
	2011/11874
SOCIAL 2 A CORUÑA	
· Número de autos: ejecución de títulos judiciales 0000166/2010.....	64
	2011/11875
SOCIAL 3 A CORUÑA	
· Ejecución 100/2010	66
	2011/11892
SOCIAL 4 A CORUÑA	
· Ejecución de títulos judiciales 126/2011-J	67
	2011/11886
 OTRAS ENTIDADES Y ANUNCIOS PARTICULARES	
NOTARÍAS	
NOTARÍA DE MARCELINO ESTÉVEZ FERNÁNDEZ	
· Anuncio de subasta.....	68
	2011/11890

ADMINISTRACIÓN CENTRAL

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL Y ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Subdelegación del Gobierno en A Coruña

Servicio de Asuntos Jurídicos

Acuerdos de iniciación de expedientes administrativos de revocación de licencias de armas tipo "E"

EDICTO

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 59.5 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (BOE de 27.11.92), modificada por la Ley 4/1999, de 13 de enero (BOE de 14.1.99), se notifica a las personas que a continuación se relacionan acuerdos de iniciación de expedientes administrativos de revocación de licencias de armas tipo "E", instruidos por los motivos que asimismo se señalan, ya que habiéndose intentado la notificación en el último domicilio conocido, ésta no se ha podido practicar.

Los interesados disponen de un plazo de quince días hábiles, a contar desde el siguiente al de la publicación del presente edicto, para aportar cuantas alegaciones, documentos o informaciones estimen pertinentes y, en su caso, proponer prueba concretando los medios de que pretendan valerse, según lo establecido en el artículo 84 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre. Podrán examinar dentro de este plazo los expedientes que se instruyen en la Subdelegación del Gobierno de A Coruña, Servicio de Asuntos Jurídicos, c/ San Andrés, n.º 162, 3.ª planta, de 9 a 14 horas todos los días laborables, excepto el sábado.

INTERESADO/A NIF/CIF/NIE	MUNICIPIO (PROVINCIA)
MANUEL FERNÁNDEZ JEREMÍAS (34887846-C)	ORDES (A CORUÑA)

MOTIVO.—Dejar de reunir los requisitos establecidos en los art. 97 y 98 del Real Decreto 137/93, de 29 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de Armas, para estar en posesión de armas de fuego.

A Coruña, 6 de septiembre de 2011.

LA JEFA DEL SERVICIO DE ASUNTOS JURÍDICOS

VANESSA ESTÉVEZ LAMAS

2011/11838

ADMINISTRACIÓN CENTRAL

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL Y ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Subdelegación del Gobierno en A Coruña

Servicio de Asuntos Jurídicos

Acuerdos de iniciación de expedientes administrativos de denegación de licencias de armas tipo "E"

EDICTO

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 59.5 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (BOE de 27.11.92), modificada por la Ley 4/1999, de 13 de enero (BOE de 14.1.99), se notifica a las personas que a continuación se relacionan acuerdos de iniciación de expedientes administrativos de denegación de licencias de armas tipo "E", instruidos por los motivos que asimismo se señalan, ya que habiéndose intentado la notificación en el último domicilio conocido, ésta no se ha podido practicar.

Los interesados disponen de un plazo de quince días hábiles, a contar desde el siguiente al de la publicación del presente edicto, para aportar cuantas alegaciones, documentos o informaciones estimen pertinentes y, en su caso, proponer prueba concretando los medios de que pretendan valerse, según lo establecido en el artículo 84 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre. Podrán examinar dentro de este plazo los expedientes que se instruyen en la Subdelegación del Gobierno de A Coruña, Servicio de Asuntos Jurídicos, c/ San Andrés, n.º 162, 3.ª planta, de 9 a 14 horas todos los días laborables, excepto el sábado.

INTERESADO/A NIF/CIF/NIE	MUNICIPIO (PROVINCIA)
ALFREDO BARRUL ESCUDERO (32425172-G)	A CORUÑA (A Coruña)

MOTIVO.–No reunir los requisitos establecidos en los artº 97 y 98 del Real Decreto 137/93, de 29 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de Armas, para estar en posesión de armas de fuego.

A Coruña, 9 de septiembre de 2011.

LA JEFA DEL SERVICIO DE ASUNTOS JURÍDICOS

VANESSA ESTÉVEZ LAMAS.

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Infraestruturas

Expropiacións. Clave: AC/11/049.01

RESOLUCION do 6 de setembro de 2011, do Servizo de Infraestruturas da Coruña, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación -trámite de urxencia- para a expropiación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de acondicionamento da conexión das estradas AC-552, AC-551 e DP-0394, clave: AC/11/049.01, termo municipal de Arteixo.

O artigo 28 do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia, establece no seu apartado 2º a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

O 11 de xullo de 2011, a directora xeral de Infraestruturas, por delegación do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, aprobou o proxecto do trazado do acondicionamento da conexión das estradas AC-552, AC-551 e DP-0394, clave: AC/11/049.01, termo municipal de Arteixo.

O 21 de xullo de 2011 a Xunta de Galicia, procedeu á declarar a utilidade pública e urxente a ocupación dos bens e dereitos necesarios a efectos de expropiación para a mencionada obra por Decreto 159/2011, publicado no DOG nº 148, de data 3 de agosto de 2011.

Na súa virtude e en cumprimento do disposto no artigo 52 da vixente Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954 e os artigos 56 e seguintes do regulamento para a súa aplicación, este servizo, no uso das facultades que lle confire o artigo 98 da mencionada lei, resolveu convocar ós titulares de bens e dereitos afectados para que comparezan nos lugares, datas e horas que se citan para proceder ó levantamento das actas previas á ocupación, nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os bens e dereitos afectados, e os prexuízos derivados da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladar ó lugar dos predios se o consideran necesario.

Concello de Arteixo

Local: casa do concello

data	hora	nº predio
27 de outubro de 2011	de 10:00 a 13:00	do 01 ó 20
28 de outubro de 2011	de 10:00 a 13:00	do 21 ó 42

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes, estarán expostos no concello de Arteixo, e no Servizo de Infraestruturas da Coruña, Praza Luis Seoane, s/n – 8ª Planta, 15071 A Coruña.

Ó dito acto deberán acudir os titulares afectados, persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, DNI, e último recibo da contribución, podendo ser acompañados, pola súa conta, se o consideran oportuno dos seus peritos e notario.

Así mesmo, e en cumprimento do establecido no artigo 56 do regulamento da Lei de expropiación forzosa ábrese información pública durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no Boletín Oficial do Estado ou ata o momento do levantamento das actas previas á ocupación correspondente, co fin de que os interesados poidan formular por escrito, ante este Servizo de Infraestruturas da Coruña, as alegacións que estimen pertinentes co obxecto de emendar posibles erros padecidos ó relacionar os bens afectados pola urxente ocupación.

A Coruña, 6 de setembro de 2011

O Xefe do Servizo de Infraestruturas

Asdo.: Antonio N. López Grueiro

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Número de expediente: IN407A 203/2011

Resolución do 30 de agosto de 2011, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, pola que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica do concello de Vimianzo (expediente IN407A 203/2011).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Electra del Gayoso, S.L.

Enderezo social: Casais, 20, 15129 Vimianzo

Denominación: RBTS rúa do Vilar.

Situación: concello de Vimianzo

Características técnicas:

RBT soterrada de 400 v, de 564 metros de lonxitude

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 30 de agosto de 2011.

Xefa territorial

Tristana Moraleja Gómez

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Xefatura Territorial de Pontevedra

Número de expediente: IN407A 2011/72-4

Acordo do 9 de maio de 2011, da Xefatura Territorial de Pontevedra, polo que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen nos concellos de SILLEDA (PONTEVEDRA) E BOQUEIXÓN (A CORUÑA) (N.º EXPTE. IN407A 2011/72-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.
- Enderezo Social: TRAVESÍA DE VIGO, 204, 36207 VIGO.
- Denominación: LMT NOVA SAÍDA SILLEDA-BOQUEIXÓN.
- Situación: SILLEDA (PONTEVEDRA) E BOQUEIXÓN (A CORUÑA).
- Descricións Técnicas: LMT A 20 KV ESTRUCTURADA EN CATRO TRAMOS:

1. SUBTERRÁNEO, CONDUCTOR TIPO RHZ, LONXITUDE 1.006 METROS, ORIXE SUBESTACIÓN DE PAIZÁS, SILLEDA, (PONTEVEDRA), FINAL APOIO PROXECTADO C-7000/20 PASO AÉREO-SUBTERRÁNEO (PAS).

2. AÉREO DOBRE CIRCUÍTO, CONDUCTOR TIPO LA-110, LONXITUDE 877 METROS, ORIXE APOIO PROXECTADO C-7000/20 PAS, FINAL APOIO PROXECTADO C-7000/22.

3. AÉREO, CONDUCTOR TIPO LA-110, LONXITUDE 976 METROS, ORIXE APOIO PROXECTADO C-7000/22, FINAL APOIO PROXECTADO C-3000/20.

4. SUBTERRÁNEO, CONDUCTOR RHZ, LONXITUDE 465 METROS, ORIXE APOIO PROXECTADO C-3000/20, FINAL ARQUETA PROXECTADA NO TERMO MUNICIPAL DE BOQUEIXÓN (A CORUÑA).

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións na Xefatura Territorial de Economía e Industria, Ed. administrativo Avda. Fernández Ladreda, 43-5.º, Pontevedra, e na Xefatura Territorial de Economía e Industria, praza Luís Seoane, s/n, A Coruña, no prazo de vinte días.

Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación nas dependencias antes citadas.

Pontevedra, 9 de maio de 2011.

O xefe territorial

Ignacio Rial Santomé

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIMORTO

Aprobación inicial modificacións de crédito nº 15 e 16, modificación anexo de inversións e da base de execución do orzamento número 51, publicación de rectificación de erro no artigo 7 da ordenanza das bases para apoio a natalidade

ANUNCIO

APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO Nº 15 E 16, MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVERSIÓNS E DA BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO NÚMERO 51, ASÍ COMO, PUBLICACIÓN DE RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ARTIGO 7 DA ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA O APOIO Á NATALIDADE.

O Pleno Municipal, en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de setembro deste ano, acordou aprobar inicialmente os expedientes de modificación de créditos nº 15/2011, suplemento de crédito 2/2011 por importe de 3.900 € e nº 16/2011, subexpediente de crédito extraordinario 3/2011 por importe de 27.294 €.

Por medio do presente, expóñense ó público o expediente de modificación de créditos anteditos, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalos e presentar as reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 169, do RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e art. 38 e 42 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

Na mesma sesión o Pleno acordou aprobar a modificación do anexo de inversións e da base número 51 das bases de execución do orzamento municipal para o 2011, o que se expón por 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os que os interesados poderan examinar estes expedientes e presentar reclamacións ante o Pleno, considerándose ditas modificacións definitivamente aprobadas se durante dito prazo non se presentan reclamacións. De presentarse, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

En aplicación do artigo 105 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de 2011, o Pleno acordou a rectificación do erro no artigo 7 da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais para o apoio á natalidade e así poñer 2.000 € onde, por erro, se puxeron 5.000 € de conformidade co acordo de aprobación do orzamento municipal para o ano 2011.

Boimorto, trece de setembro de dous mil once .

O ALCALDE,

Asdo.-José Ignacio Portos Vázquez

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Aprobación inicial de expediente MC 6/2011 (número 1/2011 de créditos extraordinarios e suplementos de crédito)

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 8 de setembro de 2011, aprobou inicialmente o EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 6/2011 (n.º 1 de créditos extraordinarios e suplementos de crédito), incluído dentro do punto 5 denominado “EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS N.º 6/2011. ADOPTACIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN”.

En cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2006, de 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, exponse ó público polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar os expedientes e presentar as reclamacións que consideren pertinentes.

Boiro, 9 de setembro de 2011.

O alcalde-presidente

Juan José Dieste Ortigueira

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Aprobación definitiva da modificación de bases de execución do orzamento 2011 do Concello de Boiro

ANUNCIO

En cumprimento do disposto no artigo 169.3) do RDL 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a publicar o acordo adoptado por resolución da Alcaldía de data 7 de setembro de 2011, relativo á aprobación definitiva da modificación das bases de execución do orzamento 2011:

“PRIMEIRO.–Eleva a definitivo o acordo de aprobación inicial de modificación das bases n.º 43, 44 e 45 do orzamento do Concello de Boiro correspondente ao exercicio de 2011.

SEGUNDO.–Que se proceda a publicar o anuncio definitivo no BOP simultaneamente coa remisión do acordo á Administración do Estado e Comunidade Autónoma.”

Boiro, 7 de setembro de 2011.

O alcalde-presidente

Juan José Dieste Ortigueira

2011/11998

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Bases reguladoras da convocatoria de subvencións e axudas para proxectos e actividades educativas e culturais complementarias emprendidas polos centros educativos 2011

EDICTO

Mediante Decreto de Alcaldía de 5 de setembro de 2011 apróbanse as bases para a convocatoria pública de subvencións e axudas para proxectos e actividades educativas e culturais complementarias emprendidas polos centros educativos 2011, que se fan públicas de conformidade co artigo 9 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para xeral coñecemento.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS E AXUDAS PARA PROXECTOS E ACTIVIDADES EDUCATIVAS E CULTURAIS COMPLEMENTARIAS EMPRENDIDAS POLOS CENTROS EDUCATIVOS 2011

Disposicións xerais.

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrencia, non discriminación e igualdade, para o fomento das actividades educativas e culturais complementarias emprendidas polos distintos centros educativos do Concello de Brión sostidos con fondos públicos, encamiñadas a procurar unha maior formación integral do alumnado e procurando a implicación activa de toda a comunidade educativa.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos: 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; 40.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais; e 23 e seguintes do regulamento de servizos das corporacións locais; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.-Obxecto da subvención.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para a realización de programas e actividades educativas que impulsen a mellora da calidade educativa e a dinamización cultural nos centros de ensino:

– Promoción de actividades relacionadas cos temas transversais como a educación para a saúde, educación para a paz, educación cívica, educación viaria, educación ambiental, teatro, música.

– Promoción de actividades culturais, entendéndose por elas actividades tales como celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións, eventos musicais e, en xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores culturais.

– Promoción de actividades deportivas tales como escolas, cursos, competicións e, en xeral, actividades relacionadas coa promoción do deporte.

– Promoción de festexos populares que teñan carácter tradicional e cultural.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será durante o exercicio de 2011, e o tipo de gastos financiados serán estritamente gastos correntes nos que incurran os beneficiarios para o desenvolvemento das súas actividades.

2.-Financiamento.

Para o financiamento desta convocatoria de subvencións e axudas establécese un crédito de 7.500,00 euros con cargo á partida 324.48900 do orzamento municipal para o exercicio 2011.

3.-Destinatarios.

Poderán solicitar estas subvencións única e exclusivamente os centros educativos que impartan as etapas de educación obrigatoria e que estean sostidos con fondos públicos e situados no termo municipal do Concello de Brión, debendo cumprir, en todo caso, os seguintes requisitos:

– Carecer de fins de lucro.

- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Brión.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Brión.
- Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

4.-Documentación.

Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitud debidamente cumprimentada no modelo oficial que se facilitará nas oficinas xerais do Concello, no que conste a contía da subvención que se solicita, asinada polo director/a do centro.
- b) Fotocopia compulsada no NIF da persoa asinante da solicitude.
- c) Fotocopia compulsada da tarxeta do código de identificación fiscal da entidade.
- d) Proxecto/memoria detallada das actividades que se pretenden realizar e para as que se solicita a subvención na que se fará constar, como mínimo, a denominación, obxectivos, metodoloxía, beneficiarios, calendario, orzamento total do proxecto/ actividade e importe que se solicita.
- e) Orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para a súa financiación.
- f) Importe da subvención solicitada, e declaración xurada das subvencións solicitadas e/ou concedidas procedentes de calquera administración ou ente público ou privado para a mesma actividade, e obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.
- g) Declaración xurada de que se atopan ao corrente nas súas obrigas fiscais en xeral e, en concreto, co Concello de Brión e coa Seguridade Social.
- h) Declaración xurada de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas públicas.
- i) Certificación dos datos bancarios do solicitante.
- k) Autorización para que o Concello poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; no caso de non dar esta autorización, a entidade deberá presentar os certificados acreditativos xunto coa solicitude e posteriormente coa documentación xustificativa para o cobro.

En caso de que os documentos esixidos nos apartados b), c) e i) xa estiveran en poder de cualquier órgano do Concello de Brión, os solicitantes poderán acollerse ao establecido no parágrafo f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, sempre e cando non transcurran máis de cinco anos dende o remate do procedemento ao que correspondan.

Se se apreciasen defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sin máis trámite de non efectuarse estas.

5.-Prazo de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes é de 15 días naturais contados a partir do seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes de subvención xunto ca documentación sinalada no apartado anterior deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello.

Si con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes ten que ser plantexado algún cambio nos conceptos do orzamento, éste deberá ser comunicado e autorizado polo Concello antes da finalización do prazo de xustificación.

6.-Elaboración da proposta de concesión de subvencións.

O Departamento de Cultura formulará unha proposta de concesión de subvencións seguindo os criterios que a continuación se sinalan:

- Número de alumnos beneficiados polas actividades programadas: ata 20 puntos.
- Carácter continuo, e non simplemente ocasional, das actividades programadas: ata 15 puntos.
- Creatividade e carácter experimental ou de investigación: ata 10 puntos.

– Proxección na comunidade educativa das actividades propostas (participación e cohesión da comunidade educativa): ata 5 puntos.

7.–Comisión de subvencións.

Constituirase unha comisión avaliadora para o exame da proposta previamente elaborada polo Departamento de Cultura. A citada comisión terá a seguinte composición:

- a) Presidente: o señor alcalde ou concelleiro en quen delegue.
- b) Secretario: o do Concello, ou funcionario en quen este delegue, se fose o caso.
- c) Vogais:

- A concelleira competente ou concelleiro en quen delegue.
- Persoal técnico do departamento competente a designar pola Alcaldía.

A citada comisión formularalle a súa proposta de concesión á Alcaldía.

8.–Concesión das axudas.

Posteriormente, e previo Informe da Intervención municipal, a Alcaldía analizará a proposta da comisión avaliadora das subvencións e adoptará a resolución que proceda.

A resolución da concesión notificarase aos interesados de acordo co disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A falta desta notificación expresa entenderase que ten carácter desestimatorio. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

A resolución de concesión farase pública mediante exposición no taboleiro de anuncios, durante o prazo de dez días. Cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía igual ou superior a 3.000,00 euros serán publicadas no B.O.P

De acordo co establecido no art. 27 da Lei xeral de subvencións e no 61 do seu regulamento, a reformulación de solicitudes realizarase de forma automática, de xeito que, se o importe da subvención é inferior ó solicitado polo beneficiario, o orzamento subvencionado que deberá ser xustificado posteriormente, determinarase dividindo a contía da subvención concedida polo coeficiente de financiamento proposto polo beneficiario.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

Despois da notificación da resolución de concesión, e trala solicitude razoada do beneficiario da subvención, poderá autorizarse a reformulación da solicitude inicial, mediante o cambio dos obxectivos ou conceptos concretos que se detallan na memoria ou orzamento da solicitude, sempre que se manteña a finalidade da subvención.

Esta solicitude deberá presentarse no prazo de tres meses dende a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Alcaldía, logo da proposta previa da comisión avaliadora que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

– Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ó orzamento subvencionado inicial, manteranse as mesmas condicións da subvención concedida: coeficiente de financiamento, importe da subvención e orzamento subvencionado.

– Se o orzamento da nova actividade é inferior ó orzamento subvencionado inicial, a comisión avaliadora, logo do informe previo do Departamento de Cultura, deberá determinar o novo

importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores ós inicialmente establecidos, e o novo coeficiente de financiamento.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

9.–Obrigas dos beneficiarios.

As entidades subvencionadas terán que:

- Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- Xustificar o cumprimento dos requisitos, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración do destino non autorizada polo Concello.

– O sometimento ás actuacións de comprobación do Concello da efectiva realización das actividades para as que se concede a subvención.

– Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

– Facilitar tanta información sexa requerida polo Concello, polo Tribunal de Contas ou a Intervención municipal.

– Acreditar que está ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello, das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, situación a primeira que se apreciará de oficio por este Concello. Poderase simplificar a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación dunha declaración responsable, cando a contía outorgada a cada beneficiario non supere na convocatoria 3.000,00 euros, tal e como se establece no artigo 24 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

– Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

– Sinalar en toda a información e publicidade que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Brión, así como en todo o material impreso ou dixital que sexa xerado pola actividade obxecto da subvención.

– Cumprir con calquera outra obriga reflexada no artigo 14 da LXS.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pago da subvención ou co seu reintegro.

10.-Documentación para a xustificación.

A documentación necesaria para xustificar a subvención será a seguinte:

1. Memoria das actividades realizadas.

2. Declaración ou certificación que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida.

3. Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións ou axudas para o mesmo obxecto.

4.-A xustificación dos gastos realizarase coa seguinte documentación:

a) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante facturas ou nóminas orixinais, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, e os correspondentes tcs. Así mesmo, deberanse achegar as fotocopias dos NIF pertencentes ás persoas que imparten cursos, clases, conferencias, etc., así como árbitros, monitores, adestradores, etc.

b) Os restantes gastos relacionados coa realización de actividades xustificaranse coas correspondentes facturas, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, que cumpran os requisitos do Real decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos correntes que xere o fagan aconsellable, poderase admitir, de xeito excepcional, como xustificante calquera outro documento admitido en dereito que acredite a realización da actividade obxecto da subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

As entidades deberán presentar xustificantes pola totalidade dos gastos efectuados para cada unha das actividades subvencionadas. De non ser así, o Concello modificará as contías en proporción ao efectivamente xustificadas.

Os documentos xustificativos corresponderán aos gastos feitos dende o día 1 de xaneiro ata o día 30 de novembro de 2011.

Todos estes documentos xustificativos deberán estar datados e referirse ao exercicio de 2011, así como axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicialmente presentado, xunto coa solicitude.

11.-Lugar e prazo de xustificación.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, os beneficiarios disporán de un mes para a presentación da documentación xustificativa no rexistro de entrada do concello, sen exceder en todo caso o 1 de decembro de 2011, aínda que se vexa reducido o prazo anteriormente citado.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que desiste da súa petición. Tanto o prazo de presentación de solicitudes como o de xustificación entenderanse sen prexuízo do prazo de 10 días que se concederá para completar documentación, correxir defectos ou rectificar datos.

Se non se presentase a xustificación dentro do prazo sinalado, iniciárase por resolución da Alcaldía o expediente de anulación do correspondente compromiso, ou de reintegro das cantidades percibidas e non xustificadas.

12.-Pagamento das subvencións.

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos. Cumpridas as citadas esixencias de xustificación documental, e vistas en primeira instancia polo departamento correspondente, remitiranse os expedientes á Intervención municipal para as comprobacións que proceda facer e posterior tramitación para a súa aprobación e pago.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos, o importe do orzamento subvencionado.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

A aprobación da xustificación presentada polos beneficiarios e a ordenación do pago da subvención corresponderá ao alcalde-presidente, previo informe de Intervención.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

Previamente ao cobro da subvención as entidades deberán acreditar que están ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Brión, situación que se determinará de oficio polo propio Concello (en caso de non estar ao corrente procederase ao seu cobro por compensación mediante a súa dedución da obriga de pago), así mesmo deberán acreditar que están ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderase simplificar a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación dunha declaración responsable, cando a cuantía otorgada a cada beneficiario non supere na convocatoria 3.000,00 euros, tal e como se establece no artigo 24 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

13.-Reintegros.

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas dende o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

14.-Responsabilidade e réxime sancionador.

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 40 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes.

Disposición final.

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercicio 2011.

Brión, 5 de setembro de 2011.

O ALCALDE

Asdo. Jose Luís García García

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Bases reguladoras da convocatoria de subvencións e axudas para actividades culturais, deportivas, educativas, de interese público e promoción económica

EDICTO

Mediante Decreto de Alcaldía de 5 de setembro de 2011 aprobáanse as bases para a convocatoria pública de subvencións e axudas para actividades culturais, deportivas, educativas, de interese público e de promoción económica 2011, que se fan públicas de conformidade co artigo 9 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para xeral coñecemento.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS E AXUDAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS, DE INTERESE PÚBLICO E DE PROMOCIÓN ECONÓMICA 2011

Disposicións xerais.

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència, non discriminación e igualdade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal, ou que, en xeral contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos: 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; 40.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais; e 23 e seguintes do Regulamento de servizos das corporacións locais; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.-Obxecto da subvención.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para a promoción das seguintes actividades:

- Actividades veciñais, outras actividades lúdico-festivas ou de interese público.
- Actividades culturais, deportivas, educativas e xuvenís.
- Actividades de promoción económica.

Non serán obxecto da presente convocatoria as axudas para a realización de festas patronais nin os gastos derivados da súa organización.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será durante o exercicio de 2011, e o tipo de gastos financiados serán estritamente gastos correntes nos que incurran os beneficiarios para o desenvolvemento das súas actividades.

2.-Financiamento.

Para o financiamento desta convocatoria de subvencións e axudas establécese un crédito de 5.500,00 euros con cargo ás partidas: 341.48900 (1.500 euros) e 334.48900 (4.000 euros) do orzamento municipal para o exercicio 2011.

3.-Destinatarios.

Poderán solicitar estas subvencións: as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, asociacións, asociacións veciñais ou comités organizadores, as comunidades de bens ou calquera outra unidade económica ou patrimonio separado que, aínda non tendo personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención, debendo nomear un representante con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Debendo cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia, ou telo solicitado na data de petición.
- Carecer de fins de lucro.

- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Brión.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Brión.
- Non ser beneficiario no ano 2011 dunha subvención nominativa deste Concello.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4.-Documentación.

Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitud debidamente cumprimentada no modelo oficial que se facilitará nas oficinas xerais do Concello no que conste a contía da subvención que se solicita:

– no caso de persoas xurídicas, será asinada polo representante da entidade, asociación, o por quen teña conferida a delegación, debendo acreditar debidamente tal circunstancia (certificación do seu nomeamento).

– para o caso de grupos carentes de personalidade xurídica, deberá ser presentada por unha persoa física nomeada polos membros do mesmo mediante acta constitutiva do grupo como entidade carente de personalidade xurídica, e suscrita por todos eles, onde se autorice á persoa que insta a axuda a recibila, a cumprimentar todos os trámites da subvención, e percibir as cantidades concedidas como subvención, así como xustificala na súa debida forma.

b) Fotocopia compulsada do NIF do asinante da solicitude.

c) Fotocopia compulsada da tarxeta do código de identificación fiscal da entidade e dos estatutos da entidade para o caso das asociacións e demais persoas xurídicas

d) Programa ou memoria detallada das actividades que se pretenden realizar e para as que se solicita a subvención na que se fará constar, como mínimo, a denominación, fundamentación da actuación, obxectivos específicos a acadar, accións concretas previstas, metodoloxía a seguir, beneficiarios, calendario, recursos humanos e recursos materiais e financiamento previsto.

e) Orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para a súa financiación.

f) Importe da subvención solicitada que en ningún caso poderá superar o 80% do orzamento de gastos, e declaración xurada das subvencións solicitadas e/ou concedidas procedentes de calquera administración ou ente público ou privado para a mesma actividade, e obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.

g) Declaración xurada de que se atopan ao corrente nas súas obrigas fiscais en xeral e, en concreto, co Concello de Brión e coa Seguridade Social.

h) Declaración xurada de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas públicas.

i) Certificación dos datos bancarios do solicitante.

k) Autorización para que o Concello poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; no caso de non dar esta autorización, a entidade deberá presentar os certificados acreditativos xunto coa solicitude e posteriormente coa documentación xustificativa para o cobro.

En caso de que os documentos esixidos nos apartados b), c) e i) xa estiveran en poder de calquer órgano do Concello de Brión, os solicitantes poderán acollerse ao establecido no parágrafo f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, sempre e cando non transcurran máis de cinco anos dende o remate do procedemento ao que correspondan.

Se se apreciasen defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sin máis trámite de non efectuarse éstas dentro de prazo, ao entenderse que o interesado desiste da súa solicitude.

5.-Prazo de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes é de 15 días naturais contados a partir do seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes de subvención xunto ca documentación sinalada no apartado anterior deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello.

Se con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes ten que ser plantexado algún cambio nos conceptos do orzamento, éste deberá ser comunicado e autorizado polo Concello antes da finalización do prazo de xustificación.

6.-Elaboración da proposta de concesión de subvencións.

O Departamento de Cultura formulará unha proposta de concesión de subvencións seguindo os criterios que a continuación se sinalan :

- a) Interese xeral das actividades a desenvolver: ata 20 puntos.
- b) Repercusión das actividades na comunidade. Implicación doutras entidades e colectivos no desenvolvemento do proxecto: ata 15 puntos.
- c) Carácter periódico ou permanente das accións: ata 15 puntos.
- d) Grado de interese municipal, utilidade ou servizo da actividade que se propoña e a súa coordinación e complementariedade cos programas municipais: ata 40 puntos.
- e) Número de socios e colaboradores que interveñen na realización do proxecto e distribución de responsabilidades e tarefas: ata 10 puntos.
- f) Número de beneficiarios: ata 20 puntos.
- g) Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 20 puntos.

7.-Comisión de subvencións.

Constituirase unha comisión avaliadora para o exame da proposta previamente elaborada polo Departamento de Cultura. A citada comisión terá a seguinte composición :

- a) Presidente: o señor alcalde ou concelleiro en quen delegue.
- b) Secretario: o do Concello, ou funcionario en quen este delegue, se fose o caso.
- c) Vogais:
 - A concelleira competente ou concelleiro en quen delegue.
 - Persoal técnico do departamento competente a designar pola Alcaldía.

A citada comisión formularalle a súa proposta de concesión á Alcaldía.

8.-Concesión das axudas.

Posteriormente, e previo informe da Intervención municipal, a Alcaldía analizará a proposta da comisión avaliadora das subvencións e adoptará a resolución que proceda.

A resolución da concesión notificarase aos interesados de acordo co disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A falta desta notificación expresa entenderase que ten carácter desestimatorio. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

A resolución de concesión farase pública mediante exposición no taboleiro de anuncios, durante o prazo de dez días. Cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía igual ou superior a 3.000,00 euros serán publicadas no B.O.P

De acordo co establecido no art. 27 da Lei xeral de subvencións e no 61 do seu regulamento, a reformulación de solicitudes realizarase de forma automática, de xeito que, se o importe da subvención é inferior ó solicitado polo beneficiario, o orzamento subvencionado que deberá ser xustificado posteriormente, determinarase dividindo a contía da subvención concedida polo coeficiente de financiamento proposto polo beneficiario.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

Despois da notificación da resolución de concesión, e trala solicitude razoada do beneficiario da subvención, poderá autorizarse a reformulación da solicitude inicial, mediante o cambio dos obxectivos ou conceptos concretos que se detallan na memoria ou orzamento da solicitude, sempre que se manteña a finalidade da subvención.

Esta solicitude deberá presentarse no prazo de tres meses dende a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Alcaldía, logo da proposta previa da comisión avaliadora que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ó orzamento subvencionado inicial, manteranse as mesmas condicións da subvención concedida: coeficiente de financiamento, importe da subvención e orzamento subvencionado.

– Se o orzamento da nova actividade é inferior ó orzamento subvencionado inicial, a comisión avaliadora, logo do informe previo do Departamento de Cultura, deberá determinar o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores ós inicialmente establecidos, e o novo coeficiente de financiamento.

9.-Obrigas dos beneficiarios.

As entidades subvencionadas terán que:

- Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- Xustificar o cumprimento dos requisitos, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración do destino non autorizada polo Concello.
- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello da efectiva realización das actividades para as que se concede a subvención.
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Facilitar canta información sexa requerida polo Concello, polo Tribunal de Contas ou a Intervención municipal.
- Acreditar que está ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello, das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, situación a primeira que se apreciará de oficio por este Concello. Poderase simplificar a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación dunha declaración responsable, cando a contía outorgada a cada beneficiario non supere na convocatoria 3.000 euros, tal e como se establece no artigo 24 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- Sinalar en todo tipo de publicidade que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Brión.
- Cumprir con calquera outra obriga reflexada no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pago da subvención ou co seu reintegro.

10.-Documentación para a xustificación.

A documentación necesaria para xustificar a subvención será a seguinte:

1. Declaración ou certificación que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida.

2. Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións ou axudas para o mesmo obxecto.

3.-A xustificación dos gastos realizarase coa seguinte documentación:

a) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante facturas ou nóminas orixinais, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, e os correspondentes tcs. Así mesmo, deberanse achegar as fotocopias dos NIF pertencentes ás persoas que imparten cursos, clases, conferencias, etc., así como árbitros, monitores, adestradores, etc.

b) Os restantes gastos relacionados coa realización de actividades xustificaranse coas correspondentes facturas, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, que cumpran os requisitos do Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos correntes que xere o fagan aconsellable, poderase admitir, de xeito excepcional, como xustificante calquera outro documento admitido en dereito que acredite a realización da actividade obxecto da subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

As entidades deberán presentar xustificantes pola totalidade dos gastos efectuados para cada unha das actividades subvencionadas. De non ser así, o Concello modificará as contías en proporción ao efectivamente xustificadas.

Os documentos xustificativos corresponderán aos gastos feitos dende o día 1 de xaneiro ata o día 30 de novembro de 2011.

Todos estes documentos xustificativos deberán estar datados e referirse ao exercicio de 2011, así como axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicialmente presentado, xunto coa solicitude.

11.-Lugar e prazo de xustificación.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, os beneficiarios disporán de un mes para a presentación da documentación xustificativa no rexistro de entrada do concello, sen exceder en todo caso o 1 de decembro de 2011, aínda que se vexa reducido o prazo anteriormente citado.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que desiste da súa petición. Tanto o prazo de presentación de solicitudes como o de xustificación entenderanse sen prexuízo do prazo de 10 días que se concederá para completar documentación, correxir defectos ou rectificar datos.

Se non se presentase a xustificación dentro do prazo sinalado, iniciárase por resolución da Alcaldía o expediente de anulación do correspondente compromiso, ou de reintegro das cantidades percibidas e non xustificadas.

12.-Pagamento das subvencións.

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos. Cumpridas as citadas esixencias de xustificación documental, e vistas en primeira instancia polo departamento correspondente, remitiranse os expedientes á Intervención municipal para as comprobacións que proceda facer e posterior tramitación para a súa aprobación e pago.

Para os efectos de xustificación das subvencións, defínese o coeficiente de financiamento como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento calculado de gastos.

A aplicación deste coeficiente ao importe da subvención concedida dará lugar ao orzamento subvencionado que será o que se teña que xustificar para poder cobrar a subvención; é dicir:

$$\text{Orzamento subvencionado} = \text{Importe subvención concedida} / \text{Cf.}$$

No caso de ter outras subvencións para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado será a suma das subvencións.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos, o importe do orzamento subvencionado.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

A aprobación da xustificación presentada polos beneficiarios e a ordenación do pago da subvención corresponderá ao alcalde-presidente, previo informe de Intervención.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

Previamente ao cobro da subvención as entidades deberán acreditar que están ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Brión, situación que se determinará de oficio polo propio Concello (en caso de non estar ao corrente procederase ao seu cobro por compensación mediante a súa dedución da obriga de pago), así mesmo deberán acreditar que están ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderase simplificar a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación dunha declaración responsable, cando a contía outorgada a cada beneficiario non supere na convocatoria 3.000 euros, tal e como se establece no artigo 24 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo. As certificacións acreditativas desta situación poderan ser solicitadas directamente polo Concello en virtude da autorización dada pola entidade.

O importe das subvencións concedidas en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

13.-Reintegros.

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas dende o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

14.-Responsabilidade e réxime sancionador.

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 40 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes.

Disposición final.

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercicio 2011.

Brión, 5 de setembro de 2011.

O ALCALDE

Asdo. Jose Luís García García

2011/11950

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio

EDICTO

Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno de data 22 de xullo de 2011, de aprobación da Ordenanza fiscal 20-pp reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, por non se ter presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, de conformidade co disposto no art. 17.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o texto íntegro da ordenanza aprobada para os efectos da súa entrada en vigor.

ORDENANZA FISCAL 20-PP REGULADORA DE PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS, EDUCATIVOS, DEPORTIVOS E DE OCIO

Artigo 1.º. Fundamento.

De conformidade co previsto no artigo 41, en relación co 127, ámbolos dous do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e demais normativa concordante de aplicación, este Concello establece os prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio polo Concello de Brión.

Artigo 2.º. Concepto.

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen uns ingresos de dereito público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten os servizos culturais, educativos, deportivos ou de ocio prestados polo Concello de Brión.

Artigo 3.º. Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ao pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza os que soliciten ou se beneficien da prestación dos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio prestados polo Concello e especificados no artigo 4.º da presente ordenanza.

Artigo 4.º. Tarifas e bonificacións.

4.1. Os prezos públicos que se deben pagar ao Concello pola prestación dos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

TARIFA 1. Servizo de escolas deportivas.

Tarifa	Concepto	Tarifa (€)
1.1	Escola deportiva de patinaxe	80,00
1.2	Escola deportiva de baloncesto	80,00
1.3	Escola deportiva de iudo	80,00
1.4	Escola deportiva de tenis	80,00
1.5	Escola deportiva de fútbol sala	80,00
1.6	Escola deportiva de fútbol sete	80,00
1.7	Escola deportiva de predeporte	80,00
1.8	Escola deportiva de ximnasia rítmica	80,00
1.9	Outras escolas deportivas	80,00

TARIFA 2. Actividades deportivas para adultos.

Tarifa	Actividade deportiva	Tarifa (€)
2.1	Pilates	120,00
2.2	Ximnasia de mantemento	120,00
2.3	Aerobic	120,00
2.4	loga	120,00
2.5	Outras actividades deportivas para adultos	120,00

TARIFA 3. Outras actividades deportivas.

Tarifa	Actividade deportiva	Tarifa (€)
3.1	Piragüismo ata 16 anos	30,00
3.2	Piragüismo a partir de 16 anos	40,00
3.3	Rutas de sendeirismo realizadas fóra do termo municipal	8,00

TARIFA 4. Servizos da Escola Municipal de Música Magariños.

Tarifa	Actividade musical (PEX nivel I)	Tarifa
4.1	1.º e 2.º curso, por curso	44,80 €/trimestre
4.2	3.º e 4.º curso, por curso	44,80 €/trimestre

Tarifa	Actividade musical (PEX nivel II)	Tarifa
4.3	1.º, 2.º, 3.º, 4.º, 5.º curso, por curso	127,80 €/trimestre

Tarifa	Actividade musical (PEX nivel III)	Tarifa
4.4	1.º curso, por curso	127,80 €/trimestre
4.5	2.º, 3.º, 4.º, 5.º, 6.º curso, por curso	127,80 €/trimestre

Tarifa	Actividade musical (PEA nivel II)	Tarifa
4.6	1.º, 2.º, 3.º, 4.º, 5.º curso, por curso	127,80 €/trimestre

Tarifa	Actividade musical (PEA nivel III)	Tarifa
4.7	1.º curso, por curso	127,80 €/trimestre
4.8	2.º, 3.º, 4.º, 5.º, 6.º curso, por curso	127,80 €/trimestre

Tarifa	Outras actividades musicais	Tarifa
4.9	Obradoiro de pre-iniciación musical	35,50 €/trimestre

TARIFA 5. Escola de danza e música tradicional.

Tarifa	Actividades de danza e música tradicional	Tarifa (€)
5.1	Baile moderno	80,00
5.2	Baile galego	80,00
5.3	Pandeireta	80,00
5.4	Outras actividades de danza ou música tradicional	80,00

TARIFA 6. Outras actividades culturais.

Tarifa	Actividade cultural	Tarifa (€)
6.1	Xogando cos contos	80,00
6.1	Obradoiro de novas tecnoloxías	80,00
6.2	Obradoiro de pintura	80,00
6.3	Obradoiro de inglés	150,00
6.4	Outros obradoiros culturais	80,00

TARIFA 7. Talleres.

Tarifa	Talleres	Tarifa
7.1	Taller de manualidades	40,00 €/trimestre

TARIFA 8. Actividades de ocio para maiores.

Tarifa	Actividades de ocio para maiores	Tarifa
8.1	Actividades acuáticas	30,00 €/trimestre
8.2	Obradoiro de memoria	30,00 €/trimestre
8.3	Obradoiro de ximnasia	30,00 €/trimestre
8.4	Obradoiro de informática	30,00 €/trimestre

4.2. As tarifas anteriores redúcense pola aplicación das seguintes bonificacións:

a) **Tarifa 1, 5 e 6. Servizo de escolas deportivas, Escola de Danza e Música Tradicional e outras actividades culturais.**—A inscrición nunha actividade das que figuran nestas tarifas, por temporada e por alumno será de 80 euros agás na actividade de Obradoiro de Inglés que será de 150 euros, por temporada e alumno. No caso de inscribirse en máis dunha actividade aplicarase unha bonificación do 50% na tarifa de cada unha das restantes actividades. A estos efectos se considerará que a primeira actividade será a de importe superior.

As familias con dous fillos e as consideradas numerosas, terán unha bonificación do 50% no segundo fillo e do 100% no terceiro e subseguintes. No caso de que o segundo fillo se inscribise nunha segunda actividade, esta bonificación do 50% non será acumulable á bonificación do 50% recollida no parágrafo anterior.

Aos efectos de aplicar as bonificacións previstas partirase sempre da tarifa de importe máis elevado.

A os efectos de aplicar a bonificación prevista para as familias con dous fillos e as numerosas, terá a consideración de primeiro fillo o de maior idade, e así sucesivamente.

b) **Tarifa 2. Actividades deportivas para adultos.**—A inscrición nunha actividade deportiva para adultos por temporada e por alumno será de 120 euros. No caso de inscribirse en máis dunha actividade aplicarase unha bonificación do 50% na tarifa de cada unha das restantes actividades.

c) **Tarifa 4. Escola de música municipal Magariños:**

Bonificación por segunda especialidade instrumental.—No caso de que un alumno se inscribise nunha segunda especialidade instrumental, aplicarase unha bonificación do 90% na tarifa da segunda especialidade.

Bonificación membros Asociación Banda de Música Municipal de Brión.—No caso de aqueles alumnos que sexan membros da Asociación da Banda de Música Municipal de Brión e que se inscriban nas actividades da Escola Municipal de Música Magariños aplicaráselles unha bonificación do 50 % na tarifa trimestral que lles corresponda aboar en función do Plan de Estudos no que esten inscritos. Esta bonificación non é compatible coa bonificación de familia numerosa ou de outras familias. No caso de concurrir nun mesmo alumno dúas bonificacións (a de familia numerosa ou outras familias e a da Banda) se aplicará unicamente a bonificación de familias numerosas ou outras familias.

Bonificación familias con certificado de familia numerosa.—As familias con certificado de familia numerosa aplicaráselles as seguintes bonificacións:

– Ao primeiro membro da familia (o de maior idade): terá unha bonificación na tarifa trimestral do 50%.

– Ao segundo membro da familia (o seguinte en idade): terá unha bonificación do 75% na tarifa trimestral.

– Ao terceiro membro da familia e seguintes (os seguintes en idade): terá unha bonificación do 100% na tarifa trimestral.

Bonificación outras familias.—As familias con máis de un membro inscrito na escola de música aplicaráselles as seguintes bonificacións:

– Ao primeiro membro da familia (o de maior idade): terá unha bonificación na tarifa trimestral do 0%

– Ao segundo membro da familia (o seguinte en idade): terá unha bonificación do 50% na tarifa trimestral.

– Ao terceiro membro da familia (o seguinte en idade): terá unha bonificación do 75% na tarifa trimestral.

– Ao cuarto membro da familia (o seguinte en idade): terá unha bonificación do 100% na tarifa trimestral.

d) **Tarifa 8. Actividades de ocio para maiores.**—As bonificacións aplicables as actividade de ocio para maiores serán as seguintes:

Bonificación por inscrición en máis de unha actividade.—No caso de que un alumno se inscribise en máis de unha actividade de ocio para maiores aplicaránse as seguintes bonificacións:

A primeira actividade se lle aplicará unha bonificación do 0% na tarifa trimestral.

A segunda actividade se lle aplicará unha bonificación do 50% na tarifa trimestral.

A terceira actividade se lle aplicará unha bonificación do 50% na tarifa trimestral.

A cuarta actividade se lle aplicará unha bonificación do 100% na tarifa trimestral.

Bonificación por inscrición nas actividades dos dous membros da parella.—No caso de que os dous membro da parella esten inscritos nas actividades de ocio para maiores aplicaránse as seguintes bonificacións:

O primeiro membro (o que este inscrito en máis actividades): se lle aplicarán as tarifas trimestrais correspondentes, e en caso que esté inscrito en máis dunha actividade se lle aplicarán as bonificacións por inscrición en máis dunha actividade.

Ao segundo membro (o que esté inscrito en menos actividades): se lle aplicarán as tarifas trimestrais correspondentes, e en caso que esté inscrito en máis dunha actividade se lle aplicarán bonificacións por inscrición en máis dunha actividade. Ao importe total que lle corresponda aboar se lle aplicará unha bonificación do 50%.

4.3. Cursos e obradoiros organizados polo Concello.

O prezo público será fixado pola Xunta de Goberno Local, de xeito que polo número dos solicitantes, se cubra o custo total do curso ou obradoiro, segundo o estudio de custos presentado polo departamento correspondente na súa proposta, correspondendo á Xunta de Goberno Local a aprobación individualizada de cada prezo á vista da proposta presentada. Porén, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

4.4. Viaxes e excursións organizados polo Concello.

O prezo público será fixado pola Xunta de Goberno Local, de xeito que polo número dos solicitantes, se cubra o custo total do viaxe ou excursión, segundo o estudio de custos presentado polo departamento correspondente na súa proposta, correspondendo á Xunta de Goberno Local a aprobación individualizada de cada prezo á vista da proposta presentada. Porén, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

4.5. Campamentos e actividades de tempo libre.

O prezo público será fixado pola Xunta de Goberno Local, de xeito que polo número dos solicitantes, se cubra o custo total do campamento ou da actividade de tempo libre, segundo o estudio de custos presentado polo departamento correspondente na súa proposta, correspondendo á Xunta de Goberno Local a aprobación individualizada de cada prezo á vista da proposta presentada. Porén, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

4.6. Inserción de publicidade na revista Altamira.

O prezo público será modificado pola Xunta de Goberno Local, de xeito que polo número dos solicitantes, se cubra o custo total de impresión da Revista, segundo o estudio de custos presentado polo departamento correspondente na súa proposta, correspondendo a citada Xunta de Goberno Local a aprobación individualizada do prezo á vista da proposta presentada. Porén, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

Inserción dun anuncio en cada número da revista "Altamira": 50,00 €.

Artigo 5.º. Normas de xestión e pagamento.

1.A obriga ao pagamento do prezo público xurde desde que se inicia a prestación dos servizos culturais, educativos, deportivos ou de ocio enumerados no artigo anterior. Sen embargo, o Concello, de conformidade coa habilitación prevista no artigo 46 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, esixirá o depósito no momento da inscrición na actividade, autoliquidando o importe e utilizando o modelo establecido polos Servizos Económicos.

Ás seguintes tarifas permitiráselles os seguinte prazos específicos de pagamento:

a) Tarifas 1, 2, 5 e 6. O importe total que lle corresponda aboar a cada alumno poderá ser aboado en dous importes iguais nos seguintes prazos:

1.º prazo: no mes de setembro.

2.º prazo: na primeira quincena de febreiro.

b) Tarifa 4. Se establecen 3 períodos de pago trimestrais, que serán os seguintes:

1.º prazo: dende o 1 ao 15 de setembro.

2.º prazo: dende o 9 ao 20 de xaneiro.

3.º prazo: dende o 10 ao 20 de abril.

Aos alumnos que estén en lista de espera e obteñan plaza na especialidade instrumental solicitada, permitiráselles prorratear a tarifa trimestral en tres períodos mensuais iguais. A estos efectos, a data que se terá en conta para calcular o importe a pagar será a data de alta por parte do Concello, así temos que:

Si a data de alta esta dentro do primeiro mes do período trimestral, aboarase a tarifa trimestral completa

Si a data de alta esta dentro do segundo mes do período trimestral, aboaránse 2/3 da tarifa trimestral.

Si a data de alta esta dentro do terceiro mes do período trimestral, aboarase 1/3 da tarifa trimestral.

c) Tarifa 7 e 8. Se establecen 3 períodos de pago trimestrais, que serán os seguintes:

1.º prazo: dende o 1 ao 10 de outubro.

2.º prazo: dende o 1 ao 10 de xaneiro.

3.º prazo: dende o 1 ao 10 de abril.

2. O ingreso do prezo público se fará en calquera das entidades bancarias nas que o Concello ten conta aberta . Non se prestará o servizo solicitado sen a presentación do xustificante de ter ingresado o correspondente prezo público.

3. Só se procederá a devolución do importe do precio público correspondente, cando concurra algunha das seguintes circunstancias:

Que por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, non se preste o servizo por parte do Concello.

Que se comunique por escrito a baixa na actividade cunha antelación mínima de cinco días ao departamento xestor e con carácter previo o seu inicio, e esta non supoña un perxuício a outros interesados.

Para procecer a devolución do prezo público a Intervención municipal solicitará informe ao xefe do departamento correspondente a acreditación dos anteriores circunstancias.

4. No caso de existir varias solicitudes coincidentes darase preferencia no caso dos particulares aos empadroados no Concello de Brión e no caso de entidades ás que teñan a súa sede social no Concello.

5. A proposta do Departamento de Servizos Sociais, para aqueles casos valorados técnicamente como persoas en situación de “difícil integración” e con informe favorable emitido por un Traballador Social Municipal, a Xunta de Goberno Local, poderá acordar unha bonificación de ata o 100% das tarifas reguladas na presente ordenanza.

6. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento de apremio.

Artigo 6.º. Delegación na Xunta de Goberno Local.

No suposto de que o servizo ou actividade cultural, educativa, deportiva ou de ocio a prestar polo Concello, non se atope tarifada na presente Ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías, delégase na Xunta de Goberno Local, conforme os artigos 47 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 23.2 b) da Lei 7/85, do 2 de abril, o establecemento da tarifa ou a actualización da mesma, a proposta do servizo técnico correspondente co previo informe do interventor municipal.

Disposición derogatoria.

Coa entrada en vigor da presente ordenanza fiscal queda derogada a anterior ordenanza reguladora do prezo público polos sevizos culturais, educativos, deportivos e de ocio prestados polo Concello de Brión publicada definitivamente no BOP n.º 274, do 27 de novembro de 2008.

Disposición derradeira.

A presente ordenanza fiscal, reguladora do prezo público pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Brión, 8 de setembro de 2011.

O alcalde

Asdo. José Luis García García

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Bases para a convocatoria pública de bolsas de estudo curso 2011/2012

A Corporación Municipal en Pleno, en sesión ordinaria de data 8 de setembro do ano que andamos, aprobou as bases para a convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2011/ 2012, que se transcriben a seguir:

BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE BOLSAS DE ESTUDO CURSO 2011/2012

PRIMEIRA.—O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Cambre para a concesión de bolsas de estudo, para gastos de material escolar, libros de texto e uniformes escolares para o curso 2011/2012 como acción de fomento, destinada a familias con escasos recursos económicos e con fillos cursando o 2.º ciclo de educación infantil, Bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.

SEGUNDA.—Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 7.200,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2011 323 481 “bolsas de estudo” do actual orzamento municipal.

TERCEIRA.—1.—Poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroado no Concello de Cambre.
- 2) Estar matriculado nun centro escolar.
- 3) Convivir co solicitante da bolsa.
- 4) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual non superior a 9.000,00 euros.

Quedan excluídos da presente convocatoria os alumnos que cursen educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial, durante o presente curso.

Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do Departamento de Servizos Sociais para a mesma finalidade.

2.—As axudas poderán ser solicitadas polos representantes legais do alumnado, pais, nais ou titores.

CUARTA.—Enténdese por «renda per cápita anual familiar» o resultado de dividir a renda da unidade familiar polo número de membros que a integran.

Para os efectos desta convocatoria, para a determinación da renda anual terase en conta a suma de rendementos, imputacións de renda e ganancias e perdas patrimoniais, antes da aplicación do mínimo persoal e familiar, declarados ou declarables no imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2010 e correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar.

A súa contía calcularase conforme ao resultado da realización das seguintes operacións, coas cantidades que figuren nas casillas que se indican, das súas respectivas declaracións do IRPF para o exercicio 2010:

Casilla 450+casilla 452-casilla 454+casilla 457+casilla 460.

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2010, por non estar obrigado a elo, se terán en conta a suma dos rendementos do traballo, rendimentos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a unidade familiar:

– Os pais non separados legalmente e, se é o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, e os fillos que figuren empadroados e residan no domicilio familiar, solteiros menores de 26 anos ou os de maior idade cando teñan algunha minusvalía ou se encontren en situación de desemprego.

– Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos menores de idade que convivan con eles.

– No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que conviven con el, dita circunstancia acreditarase mediante achega do certificado de defunción.

– No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co beneficiario da bolsa. Non obstante se é o caso, terá consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida

por análoga relación e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

– A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.

Para acreditar aqueles supostos nos que concurran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2010, deberá documentarse o exercicio 2011 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

– En caso de separación ou divorcio, certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia de dúas nóminas da empresa que apareza na vida laboral ou certificado do empregador. En caso de desemprego, certificado de vida laboral, achegando certificado da Oficina de Emprego, no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os periodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara e, en caso de desemprego, en percibir prestación, achegarase, so certificado de vida laboral.

– En caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia de dúas nóminas da empresa que apareza na vida laboral ou certificado do empregador.

QUINTA.–As solicitudes dirixíranse ao Alcalde, podendo presentarse no rexistro xeral do Concello sito na rúa Atrio, n.º 1, Cambre, no edificio da Casa das Palmeiras, sita na rúa Tapia, n.º 1, O Temple, ou por calquera das formas sinaladas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

O prazo de presentación das solicitudes comezará a partir do día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e será de 15 días naturais, do que se informará a través de trípticos, pantallas dixitais municipais e bandos informativos colocados por todo o municipio así como tamén nun diario dos de maior difusión na provincia.

SEXTA.–As solicitudes de subvención deberán formularse no modelo normalizado, que figura como Anexo I, e que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, na Casa das palmeiras e na páxina web municipal (www.cambre.org) e deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:

- Fotocopia (compulsada) do DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios.
- Fotocopia (compulsada) do libro de familia ou certificado literal de nacemento de todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia (compulsada) do certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios do curso escolar 2011-2012.
- Fotocopia (compulsada) de facturas xustificativas dos gastos realizados en concepto exclusivo de material escolar, libros de texto e uniformes escolares, co nome do beneficiario ou solicitante da bolsa de estudo.
- Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables maiores de idade, para que o concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda (IRPF) e ao cumprimento polos mesmos das súas obrigas tributarias (esta autorización facilítase xunto co modelo normalizado).
- Documentación acreditativa da renda dos membros da unidade familiar nos supostos de modificación da situación familiar existente no 2010 segundo o diposto na base 4 da convocatoria.
- Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social de cada un dos membros da unidade familiar, segundo o anexo III (esta declaración facilítase xunto co modelo normalizado).
- Impreso de rexistro de empadramento colectivo (deberá solicitarse no rexistro de entrada municipal).

Se é o caso:

- Fotocopia (compulsada) do título de familia numerosa.
- Fotocopia (compulsada) da sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez.
- Fotocopia (compulsada) do certificado de minusvalía.

NOTA.–Os solicitantes deberán achegar só os orixinais dos documentos, xa que as fotocopias fanse e compúlsanse no rexistro de entrada municipal no momento de presentar a documentación.

Poderase requirir polo concello a presentación dunha declaración xurada relativa a aqueles aspectos que se estime oportuno, para xustificar ingresos non declarables ou calquera outra circunstancia a ter en conta.

SÉTIMA.–Logo da proposta da Concellería Delegada de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, o alcalde resolverá sobre o outorgamento das bolsas, segundo o baremo seguinte:

- a) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual inferior ou igual a 2.500,00 euros, 25 puntos.
- b) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita entre 2.500,01 euros e 4.500,00 euros, ambos incluídos, 15 puntos.

c) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual entre 4.500,01 euros e 9.000,00 euros, ambos incluídos, 10 puntos.

d) Por cada membro da unidade familiar que presente algunha minusvalía, 3 puntos, por cada un deles.

e) Por ter o título de familia numerosa, 2 puntos.

f) Por pertencer a unha unidade familiar monoparental, 1 punto.

OITAVA.—Concederanse 37 bolsas de estudo de 100,00 euros cada unha, destinadas aos alumnos do 2.º ciclo de educación infantil, e 25 bolsas de 140,00 euros cada unha, destinadas aos alumnos de bacharelato, formación profesional e educación secundaria para adultos. Outorgaranse aos beneficiarios que obteñan maior puntuación segundo o baremo exposto.

No caso de empate eliminaranse aqueles que teñan unha renda per cápita anual que sexa maior. Se fose o caso de bolsas sobrantes dunha das categorías, pasarían á outra categoría automaticamente.

Se a cantidade xustificada mediante facturas é inferior ao importe da bolsa, a bolsa concederase e aboarase polo importe xustificado. Só se terán en conta, para os efectos de xustificación do gasto realizado, os importes totais ou parciais nas facturas presentadas e emitidas por conceptos que constituían obxecto de subvención na presente convocatoria, é dicir, material escolar, libros de texto e uniformes escolares.

Unha vez outorgadas as bolsas de estudo e notificado o acordo de concesión, procederase ao pagamento das mesmas en pago único.

NOVENA.—Os beneficiarios estarán obrigados a:

a) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponden á intervención municipal.

b) Comunicar ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

c) Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos concedidos durante o prazo de catro anos.

d) Proceder ao reintegro do percibido en exceso, en caso de incumprimento.

DÉCIMA.—Previamente á concesión, comprobarase de oficio que os membros da unidade familiar beneficiaria das axudas están ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa seguridade social e non son debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións.

Para o non previsto nestas bases, aplicaranse as normas xerais contidas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Cambre do 2011, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

Cambre, 1 de setembro de 2011.

A concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

M.^a Jesús González Roel

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Servizo de Persoal

Corrección nombramiento personal eventual

ANUNCIO

En el BOP nº 169 de fecha 5 de septiembre de 2011 se publicó el anuncio relativo al nombramiento como personal eventual del Ayuntamiento de A Coruña de D. Antón Xosé Laxe Fernández, como Asesor técnico Tipo II.

En el citado anuncio se ha detectado la existencia de un error material en el segundo apellido de la citada persona, figurando FERNÁNDEZ en lugar del apellido correcto que es BERMÚDEZ

A Coruña, 5 de septiembre de 2011

EL DIRECTOR DE HACIENDA Y ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Fdo. Martín González Rodríguez

2011/11780

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Emprego e Empresa

Notificación resolución Subvencións Iniciativas Municipais de Emprego do Concello da Coruña ano 2010

Asunto: Notificación resolución Subvencións Iniciativas Municipais de Emprego do Concello de A Coruña - 2010

Dona Sagrario Ron López con NIF n.º: 32.792.629-B, Xefa de Servizo de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo

Fai saber:

Que despois de resultar infrutuosa a notificación por carta certificada con notificación de recibo, se procede, de acordo co disposto no art.º 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo (B.O.E. 27-11-92), a notificar ao interesado que a continuación se relaciona, a Resolución ditada polo Tenente de Alcalde Responsable da Area de Promoción Económica e Vivenda, por delegación da Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Resolver por desistimento a solicitude de subvención de iniciativas municipais de emprego do Concello da Coruña 2010 a MARÍA NIEVES LLANOS ORTIZ, con NIF nº 49206349B, por non ter atendido o requirimento de documentación solicitado dende este servizo en tempo e forma, e, consecuentemente, anular o compromiso de gasto contraído no momento da concesión, e documentado contablemente co nº 220100034628 por un importe total de de MIL CATROCEN-TOS NOVENTA E CINCO EUROS CON OITO CENTS (1.495,08 €).

Segundo.- Dar conta ao interesado do contido desta resolución na forma legal e reglamentariamente establecida, indicándoselle, así mesmo, os recursos aos que houbese lugar.

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992), indicándolle ademais, que contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñer alternativamente o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou o acto, ou, a súa elección, recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso unha reclamación Administratio da Coruña, no prazo de dous meses a partir do día seguinte a aquel en que tivo lugar a notificación. Se optase por interpoñer o recurso potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo iso, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.”

Xefa de Servizo de Promoción Económica, Emprego
Comercio, Consumo e Turismo do Concello da Coruña
Sagrario Ron López

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Emprego e Empresa

Notificación resolución Subvencións Iniciativas Municipais de Emprego do Concello da Coruña ano 2010

Asunto: Notificación resolución Subvencións Iniciativas Municipais de Emprego do Concello de A Coruña 2010

Dona Sagrario Ron López con NIF n.º: 32.792.629-B, Xefa de Servizo de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo

Fai saber:

Que despois de resultar infrutuosa a notificación por carta certificada con notificación de recibo, se procede, de acordo co disposto no art.º 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo (B.O.E. 27-11-92), a notificar ao interesado que a continuación se relaciona, a Resolución ditada polo Tenente de Alcalde Responsable da Area de Promoción Económica e Vivenda, por delegación da Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Resolver por desistimento a solicitude de subvención de iniciativas municipais de emprego do Concello da Coruña 2010 a JUAN MANUEL GONZÁLEZ ALLONES, con NIF nº 76349658P por non ter atendido o requirimento de documentación solicitado dende este servizo en tempo e forma, e, consecuentemente, anular o compromiso de gasto contraído no momento da concesión, e documentado contablemente co nº 220100034675 por un importe total de de MIL QUINIENTOS SESENTA EUROS E SETENTA E DOUS CENTS. (1.560,72 €)

Segundo.- Dar conta ao interesado do contido desta resolución na forma legal e reglamentariamente establecida, indicándoselle, así mesmo, os recursos aos que houbese lugar.”

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992), indicándolle ademais, que contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñer alternativamente o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou o acto, ou, a súa elección, recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso unha reclamación Administratio da Coruña, no prazo de dous meses a partir do día seguinte a aquel en que tivo lugar a notificación. Se optase por interpoñer o recurso potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo iso, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.”

Xefa de Servizo de Promoción Económica, Emprego
Comercio, Consumo e Turismo do Concello da Coruña
Sagrario Ron López

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Emprego e Empresa

Notificación resolución Subvencións Iniciativas Municipais de Emprego do Concello da Coruña ano 2010

Asunto: Notificación resolución Subvencións Iniciativas Municipais de Emprego do Concello de A Coruña 2010

Dona Sagrario Ron López con NIF n.º: 32.792.629-B, Xefa de Servizo de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo

Fai saber:

Que despois de resultar infrutuosa a notificación por carta certificada con notificación de recibo, se procede, de acordo co disposto no art.º 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo (B.O.E. 27-11-92), a notificar ao interesado que a continuación se relaciona, a Resolución ditada polo Tenente de Alcalde Responsable da Area de Promoción Económica e Vivenda, por delegación da Xunta de Goberno Local:

“Aceptar a renuncia presentada por PATRICIA CORDO ARES, con NIF nº 53167639B, respecto da subvención que lle foi concedida como Iniciativa Municipal de Emprego convocatoria 2010 por importe de MIL CINCUENTA E OITO EUROS E SESENTA E CATRO CENTS. (1.058,64 €), e en consecuencia, anular o compromiso de gasto documentado contablemente co nº 220100034703.

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992), indicándolle ademais, que contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñer alternativamente o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou o acto, ou, a súa elección, recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso unha reclamación Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses a partir do día seguinte a aquel en que tivo lugar a notificación. Se optase por interpoñer o recurso potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo iso, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.”

Xefa de Servizo de Promoción Económica, Emprego
Comercio, Consumo e Turismo do Concello da Coruña
Sagrario Ron López

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Secretaría Xeral

Suplencia na Alcaldía

ANUNCIO

DELEGACIÓN

Por resolucións ditadas en data 7 de setembro de 2011, o Sr. alcalde acordou as seguintes delegacións do exercicio da competencia para a celebración de matrimonio civil:

Na concelleira desta Corporación dona Marta María Iglesias Becerra, para a celebración do matrimonio civil entre don SCM e dona CCP o vindeiro venres, día 9 de setembro de 2011, ás 19.30 horas.

No concelleiro desta Corporación don Diego A. Taibo Monelos, para a celebración do matrimonio civil entre don PMP e dona MPSB o vindeiro sábado, día 10 de setembro de 2011, ás 18.30 horas.

O que se publica en cumprimento do disposto no art. 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Culleredo, 7 de setembro de 2011.

O alcalde

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Secretaría Xeral

Notificación

ANUNCIO

AYUNTAMIENTO DE CULLEREDO

Ao non ser posible a práctica de notificación de resolución aos interesados que mais abaixo se indican, por causas non imputables a esta Administración, de conformidade co disposto nos artigos 59 e 61 da vixente Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, se pon de manifesto que os expedientes de cada un dos interesados atópanse a súa disposición na Secretaría Xeral do Concello para o coñecemento do contido íntegro do mencionado acto e constancia de tal coñecemento, sinalando a este efecto un prazo de 10 días, computado a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio, significándolles que transcorrido o mesmo, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais.

RELACIÓN DE INTERESADOS

- D. Alejandro Roberto Rodríguez Vela
- D^a Melanie Chiler

Culleredo, 9 de setembro de 2011.

O alcalde,

Asdo: Julio Sacristán de Diego

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Urbanismo

Solicitud de licenza municipal para almacén de mobles e electrodomésticos

EDICTO

BILCOSAN INSTALADORES, S.L. solicitou unha licenza municipal para a instalación e apertura dun almacén de mobles e electrodomésticos nunha nave situada na rúa I, nave 14 do Parque Empresarial de Alvedro, parroquia de Almeiras. O expediente sométese á información pública durante un prazo de 20 días, segundo o que establece o artigo 8.3 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, co fin de que os afectados pola actividade que se pretende instalar poidan examinalo na secretaría do concello e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Culleredo, 07 de setembro de 2011.

O concelleiro delegado da Área de Urbanismo,

Asdo.: Diego Antonio Taibo Monelos

P.D. (Resolución de 22.06.2011,

B.O.P nº 131 de 11.07.2011)

2011/11891

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, tenentes de alcalde, réxime de delegacións, fixación da periodicidade das sesións plenarias, réxime das adicacións exclusivas, asistencias e indemnizacións dos membros da Corporación e outros

ANUNCIO:

Asunto: Anuncio de Resolucións da Alcaldía de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, tenentes de alcalde e réxime de delegacións e dos acordos plenarios de fixación da periodicidade das sesións plenarias, réxime das adicacións exclusivas, asistencias e indemnizacións dos membros da Corporación, constitución das Comisións Informativas permanentes e outros.

1. A Alcaldía ditou a Resolución da Alcaldía núm. 494/2011, de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene, que transcrita di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 494/2011, DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE FENE

FEITOS

1 O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Os artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establecen que a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario nos Concellos de máis de 5.000 habitantes e que se integrará polo alcalde e un número de concelleiros non superior ó tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo alcalde, dando conta ó Pleno. No mesmo sentido os artigos 59.2 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) e o artigo 35.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986) e 13 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008)

2 Logo de ver o artigo 17 do Regulamento orgánico do Concello de Fene e os artigos 46, 52 e 53 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que establecen, entre outras consideracións que os nomeamentos e os ceses como levaranse a cabo mediante resolución do alcalde da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e se publicarán no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da resolución polo alcalde, se nela non se dispuxera outra cousa e que o número de concelleiros ós que o alcalde pode nomear membros da Xunta de Goberno Local, non poderá ser superior ó tercio do número legal de membros da Corporación e que ós efectos do cómputo non se terán en conta os decimais que resulten de dividir por tres o número total de concelleiros.

Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída a esta Alcaldía polos artigos referidos, resolvo:

1º Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene ós seguintes concelleiros e concelleiras:

- Dona Rocío Aurora Bértoa Ponte
- Don Alejandro Dopico Rodríguez
- Don Juan José Franco Casal
- Dona Juana Barro Couto
- Don José Andrés Serantes Panceiras

2º Notificar persoalmente ós nomeados a presente resolución, ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e dar conta desta resolución ó pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Fene 16 de xuño do 2011

O alcalde-presidente

D.M.

O secretario

Gumersindo Pedro Galego Feal

Jesús Tallón García”

2. A Alcaldía ditou a Resolución da Alcaldía núm. 498/2011, de nomeamento de tenentes de alcalde do Concello de Fene, que transcrita di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 498/2011, DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE DO CONCELLO DE FENE

FEITOS

1 O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Os artigos 20.1 a) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establecen que a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario nos Concellos de máis de 5.000 habitantes e que se integrará polo alcalde e un número de concelleiros non superior ó tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo alcalde, dando conta ó Pleno. No mesmo sentido os artigos 59.2 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) e o artigo 35.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986), que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 13 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008).

2 Logo de ver o artigo 16 do Regulamento orgánico do Concello de Fene e os artigos 35.2, 46, 47 e 48 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que establecen, entre outras consideracións que os nomeamentos e os ceses como leváranse a cabo mediante resolución do alcalde da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e se publicarán no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da resolución polo alcalde, se nela non se dispuxera outra cousa e que o seu número non poderá exercer do número de membros da Xunta de Goberno Local e que ós efectos do cómputo non se terán en conta os decimais que resulten de dividir por tres o número total de concelleiros.

3 Mediante Resolución da Alcaldía núm. 494/2011 do 16 de xuño do 2011 acordouse nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene ós seguintes concelleiros e concelleiras:

- Dona Rocío Aurora Bértoa Ponte
- Don Alejandro Dopico Rodríguez
- Don Juan José Franco Casal
- Dona Juana Barro Couto
- Don José Andrés Serantes Paineiras

Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída á Alcaldía polo artigo 21.2 da Ley 7/1985 de 2 de abril, resolvo:

1º Nomear Tenentes de alcalde, pola orde que de seguido se indica, ós/ás seguintes señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

- 1ª Tenente de alcalde: Dona Rocío Aurora Bértoa Ponte
- 2º Tenente de alcalde: Don Alejandro Dopico Rodríguez
- 3º Tenente de alcalde: Don Juan José Franco Casal
- 4º Tenente de alcalde: Dona Juana Barro Couto
- 5ª Tenente de alcalde: Don José Andrés Serantes Paineiras

2º Corresponde ós nomeados substituírme na Alcaldía, pola orde sinala, nos casos legalmente establecidos.

3º Notificar persoalmente ós nomeados a presente resolución, ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e dar conta desta resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Fene 17 de xuño do 2011

O alcalde-presidente

D.M.

O secretario

Gumersindo Pedro Galego Feal

Jesús Tallón García”

3. A Alcaldía ditou a Resolución da Alcaldía núm. 499/2011, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que transcrita di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 499/2011, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

FEITOS

1 O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Por resolución da Alcaldía 494/1011, nomeáronse como membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene ós seguintes concelleiros e concelleiras:

- Dona Rocío Aurora Bértoa Puente
- Don Alejandro Dopico Rodríguez
- Don Juan José Franco Casal
- Don Juana Barro Couto
- Don José Andrés Serantes Panceiras

2 O artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establece que o alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións, salvo as de convocar e presidir as sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local, decidir os empates co voto de calidade, a concertación de operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despedido do persoal laboral, e as enunciadas nos parágrafos a, e, j, k, l y m do apartado 1 deste artigo. O artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril establece que á Xunta de Goberno Local lle corresponde a asistencia ó alcalde no exercicio das súas atribucións aquelas atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis, aínda que a competencia do parágrafo j pode ser delegada na Xunta de Goberno Local. Similar redacción atópase nos artigos 61 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto).

3 Logo de ver o artigo 17 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) e os artigos 43 e seguintes do do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986).

Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída a esta Alcaldía polos artigos referidos, resolvo:

1º Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións concretas que me atribúe a lexislación vixente:

a) Concesión de toda clase de licencias de obra e instalación, as licencias de primeira ocupación e as licencias de apertura de establecementos e actividades.

b) A concesión de autorizacións para a utilización privativa especial de bens de dominio público.

c) A aprobación dos expedientes e adxudicación das contratacións e concesións de toda clase, incluída a adquisición de bens e dereitos cuxa competencia lle atribúe á Alcaldía a normativa vixente cando o valor estimado do contrato supere os 18.000 euros así como a modificación, resolución e imposición de penalidades por incumprimentos contractuais nos referidos expedientes de contratación e adquisición.

d) O alleamento de bens e dereitos do patrimonio municipal cuxa competencia lle atribúe á Alcaldía a normativa vixente e o seu valor, excluído o I.V.E., supere os 18.000 euros.

e) A aprobación da oferta de emprego público dacordo có presuposto e a plantilla aprobados polo Pleno, aproba-las bases das probas para a selección do persoal funcionario de carreira e laboral fixo e para os concursos de provisión de postos de traballo.

f) A declaración de situacións administrativas do persoal ó servizo da Corporación.

g) A análise, estudo e posterior acordo ou informe, segundo proceda, dos escritos e comunicacións de outras entidades ou organismos que requiran un acto administrativo resolutorio, de coñecemento ou de informe polo Concello, sen prexuízo de que, por razóns de urxencia, a Alcaldía poida realizar estas actuacións dando conta á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

h) Concesión, transmisión ou modificación de licencias de auto-turismo.

i) A concesión de subvencións cando estean sometidas a procedemento de concorrencia competitiva.

j) Recoñecer todas as obrigas e a aprobación de todas as facturas dentro dos límites que competan ó alcalde, agás as relativas a anuncios en prensa, anuncios en boletíns e diarios oficiais, nóminas de persoal, seguros sociais, interese,

amortizacións, comisións e outros gastos financeiros derivados da débeda municipal e as relativas a gasto corrente e pago periódico dos conceptos presupostarios 200, 202, 206, 213, 222, 225 e dos subconceptos 22100 e 22102.

k) A aprobación inicial dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento urbanístico e a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

2º Ordear a súa publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta da mesma ó Pleno da Corporación e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

Fene 17 de xuño do 2011

O alcalde-presidente

D.M.

O secretario

Gumersindo Pedro Galego Feal

Jesús Tallón García”

4. A Alcaldía ditou a Resolución da Alcaldía núm. 529/2011, de delegación de competencias ós membros da Xunta de Goberno Local, que transcrita di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 529/2011, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ÓS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

FEITOS

1 O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Por resolución da Alcaldía 494/2011 do 16 de xuño, nomeáronse os membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene e por resolución da Alcaldía 499/2011 do 17 de xuño nomeáronse os tenentes de alcalde.

2 Por resolución da Alcaldía 528/2011, do 21 de xuño, creáronse as áreas nas que se estrutura o goberno municipal.

3 O artigo 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establece que o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas das súas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poda realizar en favor de calquera concelleiro. Similar redacción atópase no artigo 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto).

4 Logo de ver os artigos 15 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) e os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986).

Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída a esta Alcaldía polos artigos referidos, resolvo:

1º Efectuar a favor dos sres/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local as seguintes delegacións xenéricas correspondentes ás áreas que se relacionan:

I Delégaselle a Área de urbanismo e obras á concelleira Dona Rocío Aurora Bértoa Puente.

II Delégaselle a Área de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente ó concelleiro Don Alejandro Dopico Rodríguez.

III Delégaselle a área de facenda promoción económica, formación e emprego ao concelleiro Juan José Franco Casal.

IV Delégaselle a Área de cultura, deportes e servicios sociais e iguadade á concelleira Dona Juana Barro Couto.

2º As delegacións xenéricas acordadas no apartado anterior suxeitaráanse ó seguinte réxime xurídico:

a) Abarcarán a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

b) A Alcaldía poderá revocar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

c) A Alcaldía poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

d) Corresponderá á Alcaldía resolver-las posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

3º Conferir as seguintes delegacións especiais ós seguintes Concelleiros/as que a seguir se relacionan, para os servizos que igualmente se sinalan:

I Conferir a delegación dos servizos de urbanismo (integrado na Área de Urbanismo e obras) e os servizos de cultura e deportes (incluídos na Área de cultura, educación, deportes e servizos sociais e igualdade a Dona Rocío Aurora Bértoa Puente).

III Conferir a delegación dos servizos de persoal, seguridade cidadá, control e ordenación do tráfico en vías urbanas e policía local (integrados na Área de persoal, seguridade, servizos e medio ambiente) e obras (integrados na Área de urbanismo e obras) a Don Alejandro Dopico Rodríguez.

III Conferir a delegación dos servizos de servizos e medio ambiente (incluídos na Área de persoal, seguridade, servizos e medio ambiente) e a Don José Andrés Serantes Panceiras.

IV Conferir a delegación dos servizos de facenda, promoción económica formación e emprego (integrados na Área de facenda, promoción económica, formación e emprego) a Don Juan José Franco Casal.

V Conferir a delegación dos servizos de educación, servizos sociais e igualdade (incluídos na área de urbanismo e benestar) e de protección civil (integrado na Área de persoal, seguridade, servizos e medio ambiente) a Dona Juana Barro Couto.

4º As delegacións especiais efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O Concelleiro que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, terá a facultade de supervisa-la actuación dos/as Concelleiros/as con delegacións especiais.

5º A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ó da súa sinatura e será publicada no Boletín oficial da provincia de A Coruña, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Así mesmo, esta resolución será notificada ós/ás interesados/as, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tácitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.”

2º Ordear a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta da mesma ó Pleno da Corporación e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

Fene 23 de xuño do 2011

O alcalde-presidente

D.M.

O secretario

Gumersindo Pedro Galego Feal

Jesús Tallón García”

5. O Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada en data 4 de xullo de 2011 no seu punto “4º Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da determinación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno”, incluído na orde do día, adoptou o seguinte acordo:

“As sesións ordinarias do Pleno da Corporación do Concello de Fene terán carácter mensual, celebrándose as sesións o primeiro xoves de cada mes ás 18:00 horas. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o seguinte xoves hábil.”

6. O Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada en data 4 de xullo de 2011 no seu punto “5º Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da creación, composición e periodicidade das Comisións Informativas Permanentes”, incluído na orde do día, adoptou o seguinte acordo:

“1º Crear catro Comisións Informativas Permanentes coa seguinte denominación:

I Comisión informativa de urbanismo e obras

II Comisión informativa de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente

III Comisión informativa de facenda, promoción económica, formación e emprego

IV Comisión informativa de cultura, educación, deportes, servicios sociais e igualdade

2º De conformidade có disposto nos artigos 20.1 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 51 do Regulamento orgánico do Concello de Fene créase a Comisión especial de contas.

3º A Comisión especial de contas terá as competencias previstas no artigo 116 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e no artigo 51 do Regulamento orgánico municipal.

As Comisións informativas terán as competencias que sinala o artigo 20.1 c) da Lei 7/1985 de 2 de abril e 51 do Regulamento orgánico municipal e ditaminarán sobre as materias e asuntos relacionados coas seguintes áreas e materias:

I Comisión informativa de urbanismo e obras sobre a Área de urbanismo e obras.

II Comisión informativa de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente sobre a Área de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente.

III Comisión especial de facenda, promoción económica, formación e emprego sobre a Área de facenda, promoción económica, formación e emprego.

IV Comisión informativa de cultura, educación, deportes, servicios sociais e igualdade sobre a Área de cultura, educación, deportes e servicios sociais e igualdade.

4º As Comisións Informativas estarán compostas por (ademáis do alcalde-presidente, membro nato das comisións ex lege, sen prexuízo de que delegue nalgún dos concelleiros que pertencen á comisión, a proposta feita no seu seo):

- Tres (3) representantes do Grupo Político do Partido Popular do Concello de Fene

- Dous (2) representantes do Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene

- Dous (2) representantes do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

- Un (1) representante do Grupo mixto

- A Comisión Especial de Contas estará formada polos membros da Comisión Informativa de facenda, promoción económica, formación e emprego.

5º As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria con periodicidade mensual nas datas e horas que respectivamente se establece:

I Comisión informativa de urbanismo e obras: o martes da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

II Comisión informativa de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente: o mércores da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

III Comisión especial de facenda, promoción económica, formación e emprego: o luns da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 8:45 horas.

IV Comisión informativa de cultura, educación, deportes, servicios sociais e igualdade: o venres da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

V A Comisión especial de contas reuniráse cando sexa convocada pola Presidencia

Axustarán o su funcionamento ao disposto nos artigos 53 e seguintes do Regulamento orgánico municipal.

6º A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizaráse mediante escrito do seu voceiro dirixido á Alcaldía, do que se dará conta ao Pleno, podendo desinarse un suplente.”

7. O Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada en data 4 de xullo de 2011 no seu punto “6º Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da determinación das sesións ordinarias da Xunta de Goberno”, incluído na orde do día, adoptou o seguinte acordo:

“As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene terán carácter semanal, celebrándose as sesións os xoves de cada semana ás 9:00 horas en primeira convocatoria. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o seguinte xoves hábil.”

8. O Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada en data 4 de xullo de 2011 no seu punto “7º Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da determinación dos concelleiros que exercerán os seus cargos con adicación exclusivas, réxime de asistencias dos membros da Corporación, fixación das subvencións ós Grupo políticos municipais e fixación do réxime de indemnizacións por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo”, incluído na orde do día, adoptou o seguinte acordo:

“1º Aprobar a fixación das seguintes adicacións exclusivas con efectos económicos dende o día seguinte ó do presente acordo, en réxime de xornada completa, dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que de seguido se indican:

-Sr. Alcalde-Presidente, D. Gumersindo Pedro Galego Feal: 41.405,85 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro.

-Sr. Concelleiro delegado da área de organización e delegado dos servizos de de medio ambiente, praias e espazos públicos, persoal, policía local, tráfico e obras incluídas en plans provinciais, Don Alejandro Dopico Rodríguez: 27.726,68 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro.

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o personal funcionario.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e alta dos concelleiros con adicación exclusiva.

3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réximen de adicación exclusiva percibirán, pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias que de seguido se indican:

Organo colexiado	Importe (€)
Sesión ordinaria Pleno	402,56 €/sesión
Sesión extraordinaria Pleno	77,39 €/sesión
Xunta de Delegados	336,07 €/sesión
Xunta de Goberno Local	25,00 €/sesión

O pago das asignacións realizarase previo certificado da Secretaría da asistencia efectiva de cada un dos membros da corporación municipal ás correspondentes sesións.

En caso de concorrer dúas ou máis sesións de calquera dos órganos indemnizables o no mesmo día cuxa hora de inicio, segundo a convocatoria, non difira en mais de tres horas, os Sres. concelleiros/as de que se trate percibirán a cantidade correspondente a unha soa sesión, aplicándose a sinalada á de maior contía.

Tendo en conta o actual contexto de crise económica, fíxase un máximo anual de indemnizacións por asistencias a determinados órganos colexiados dacordo co seguinte:

-Sesións extraordinarias do Pleno da Corporación e Xunta de Goberno Local: máximo indemnizable 8 sesións por exercicio, a excepción do ano 2011 no que serán só indemnizables 4 sesións.

-Sesións extraordinarias da Xunta de Delegados: máximo indemnizable 3 sesións por exercicio, excepto para o ano 2011 que serán só indemnizables 2 sesións.

Non serán indemnizables as sesións constitutivas dos órganos colexiados.

4º A contía das adicacións exclusivas e indemnizacións por asistencias a órganos colexiados fixadas neste acordo serán revisadas para cada exercicio orzamentario con efectos de 1 de xaneiro, na forma que establezan as bases de execución do orzamento de cada exercicio.

5º Para o cumprimento dos seus fins, e con cargo ó orzamento anual de cada exercicio do mandato da Corporación 2011-2015, establececese para ós grupos políticos municipais unha dotación económica anual que virá determinada dacordo cos seguintes parámetros, e que terá efectos económicos a partir do mes seguinte no que se adopte o correspondente acordo:

O componente fixo establécese en 172,46 €/mes por grupo político e o compoñente variable establécese en 36,49 €/mes por cada un dos membros da Corporación que integren o grupo político de que se trate.

Os grupos políticos deberán de levar unha contabilidade específica da dotación que perciban segundo o parágrafo anterior, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que éste llo pida, así como en todo caso no mes de maio de cada ano poñerase a disposición da Intervención municipal para a súa fiscalización a documentación do exercicio anterior. Esta documentación consistirá en:

1. Un libro rexistro, foliado e numerado e co selo do Concello, dos ingresos recibidos da Corporación e dos pagos realizados con cargo a ditos ingresos.

2. As facturas ou recibos que sirvan de soporte xustificativo dos gastos realizados.

Os límites a estes gastos están determinados pola LBRL ó indicar que debe tratarse de gastos de funcionamento e que, en ningún caso, poderán destinarse ó pago de retribucións ou de adquisición de bens de inversión, é dicir, activos fixos de carácter patrimonial.

A xustificación deberá efectuarse mediante declaración xurada do voceiro de cada un deles de ter destinado o importe percibido ós fins para os que se concedeu, sen prexuízo da obriga de presentar no mes de maio a documentación sinalada máis arriba.

O pagamento realizarse do modo seguinte: no mes de xaneiro adiantarase o 80% da cantidade asignada, debendo xustificar tal e como se indica no apartado anterior antes do 30 de decembro ante a Intervención de fondos do Concello para proceder ó aboamento do 20% restante.

6º As indemnizacións por gastos ocasionados no exercicio do seu cargo por parte dos cargos electos do concello regularanse nos termos que a continuación se indican:

1) Só dan dereito a indemnización os gastos ocasionados en comisións de servizo fóra do termino municipal do Concello de Fene levadas a cabo por:

- Alcalde presidente
- Concelleiros, previa autorización por parte do Alcalde.

2) Conceptos indemnizables.

Os cargos electos cando realicen algunha das funcións que dan dereito a indemnización segundo o Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou polas normas que modifiquen a contía e o réxime destas, segundo o apartado anterior, serán resarcidos pola contía exacta dos gastos realizados que sexan necesarios para o exercicio das citadas funcións, de acordo coa xustificación documental dos mesmos.

En caso contrario, indemnizarase na contía sinalada para o grupo 1 do anexo II e III do Real decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou polas normas que modifiquen a contía e o réxime destas.

3) Criterios de devengo dos gastos de aloxamento e manutención.

3.1. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a un día natural, en xeral non se percibirán indemnizacións por gastos de aloxamento nin de manutención salvo cando, tendo a comisión unha duración mínima de cinco horas:

- ésta se inicie antes das catorce horas y remate despois das dezaseis horas.

Neste supostos poderán abonarse os gastos de manutención que se xustifiquen.

3.2. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a vinte e catro horas, pero comprendan parte de dous días naturais, poderán percibirse indemnizacións por gastos de aloxamento correspondentes a un só día e os gastos de manutención nas mesmas condicións fixadas no seguinte apartado para os días de saída e regreso.

3.3. Nas comisións cuxa duración sexa superior a vinte e catro horas terase en conta:

a) No día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior as catorce horas, poderanse percibir gastos de manutención de comida e cena, reducíndose a cena cando dita hora de saída sexa posterior as catorce horas pero anterior as vinte e dúas horas.

b) No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluír a comisión sexa posterior as catorce horas, en cuxo caso se percibirá, con carácter xeral, unicamente unha única indemnización pola comida. Se a hora fixada para concluír a comisión é posterior ás 22.00 horas percibirá tamén a indemnización pola cea.

c) nos días intermedios entre os de saída e regreso se percibirán dietas de tódolos gastos de manutención ocasionados que estén debidamente xustificados(almuerzo, comida e cea).

4) Indemnizacións por gastos de viaxe.

4.1.- Toda comisión de servizo dará dereito a viaxar pola conta do Concello dende o lugar de inicio ata o de destino, e o seu regreso, no medio de transporte que se determine ao autorizar a comisión, procurándose que o desprazamento efectúese por liñas regulares.

Se o autorizar a comisión de servizo non se determinara expresamente o medio de transporte, o comisionado poderá empregar os medios regulares dispoñibles e, no seu caso, cas instrucións impartidas a hora de aprobar a comisión de servizo.

4.2.- Indemnizaranse polo importe do billete ou pasaxe utilizado, o importe xustificado, cos seguintes límites:

a) Avión: clase turista ou clase de contía inferior a prevista para aquela.

b) Trens de alta velocidade: grupo primeiro, clase preferente; segundo e terceiro grupo, clase turista.

c) Trens nocturnos: grupo primeiro, cama preferente; segundo y terceiro grupo, cama turista ou liteiras.

d) Trens convencionais e outros medios de transporte: grupos primeiro e segundo, clase primeira ou preferente; terceiro grupo, clase segunda ou turista.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nos casos de urxencia cando non houbera billete ou pasaxe da clase que corresponda, ou por motivos de representación ou duración dos viaxes, a autoridade que ordene a comisión poderá autorizar unha clase superior.

Nos casos en que se utilicen para o desprazamento medios gratuítos do Estado non se terá dereito a ser indemnizado por este concepto.

Así mesmo, poderanse indemnizar os gastos de:

1) consignas de equipaxes cando o comisionado vexase obrigado a permanecer «en tránsito» nalgunha cidade ou no propio aeroporto ou estación.

2) taxis ou vehículos de aluguer con ou sen conductor en destino, sempre que se autorice excepcionalmente na orden de comisión.

3) billetes de metro tamén serán indemnizables, neste caso non será necesaria a autorización expresa na orde da comisión de servizo.

4.3.- Cando na orden da comisión se autorice a súa utilización, serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, unha vez xustificadas documentalmente, os gastos de desprazamento en taxi entre as: estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos, así como tamén dende o parking onde se deixe o vehículo propio; e o lugar de destino da comisión ou el lugar da residencia oficial, segundo se trate da ida ou de regreso, respectivamente, así como os correspondentes a xestións ou dilixencias, en dito lugar, especificamente relacionadas co servizo de que se trate e sempre cos medios regulares de transporte resulten claramente inadecuados.

5) Utilización de vehículos particulares e outros medios especiais de transporte.

Cando, así se determine na orden da comisión, poderase utilizar nas comisións de servizo, vehículos particulares.

Téñase en conta que o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular na comisión de servizo, queda fixada en 0,19 euros por kilómetro recorrido polo uso de automóbiles, conforme o establece o artigo 1 da Orden de EHA/3770/2005, de 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización polo uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Neste caso tamén resultarán indemnizables, previa xustificación documental, os gastos de peaxe en autopistas, nos casos en que polas características do percorrido, se considerase necesario polo órgano que designa a comisión e se prevera na correspondente orden.

6) Revisión das indemnizacións.

A contía das indemnizacións derivadas do uso do vehículo particular será aplicable a norma estatal que leve a cabo a actualización do importe das mesmas.

7) Outros gastos.

Así mesmo tamén serán considerados como gastos indemnizables por parte da Corporación os dos cargos electos cando sexan ocasionados con motivo da matrícula en cursos impartidos polas administracións públicas e dirixidos nas súas convocatorias ós cargos electos.

8) Procedemento para levar a cabo a comisión e a súa indemnización.

Será preciso solicitar a autorización ao Alcalde do Concello quen a través de autorización determinará a data, o lugar de destino, a hora estimada de comezo e fin da comisión de servizo, o medio de transporte que se autoriza a utilizar, etc e demais extremos precisos conforme os artigos anteriores.

Logo de celebrada a comisión os cargos electos deberán presentar con carácter previo ao abono da mesma a conta xustificativa, coas facturas ou documentos substitutivos correspondentes xustificativas do gasto realizado. Respecto a conta xustificativa deben coincidir os conceptos xustificados ca orde de comisión de servizo emitida polo Alcalde.

Unha vez fiscalizado o expediente pola intervención municipal, farase efectivo o abono da indemnización a través de transferencia ao interesado.

Posibilitase con carácter excepcional, e en casos debidamente xustificados no expediente, que o abono das indemnizacións teña carácter de a xustificar.

Para o non previsto expresamente neste acordo, será de aplicación o RD462/2002, de 20 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e disposicións de desenvolvemento ou normas de carácter xeral que as substitúan.

7º Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia , ós efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril.”

Fene, 2 de agosto de 2011

O alcalde

Gumersindo Pedro Galego Feal

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Notificación

Urbanismo

NOTIFICACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e despois de intentar a notificación no domicilio que figura no expediente, feito do que se ten constancia no mesmo, publícase a seguinte notificación:

“O concelleiro coordinador delegado da Área de Urbanismo, Medio Ambiente, Mobilidade e Accesibilidade deste Concello, con data de hoxe, aprobou, elevándoa a resolución, unha proposta da xefatura do Negociado de Licenzas, que literalmente transcrita di así:

“Gloria Rodríguez Novoa solicitou o cambio de titularidade de licenza de apertura de café-bar na estrada do Cruce núm. 29 baixo esquerda.

A Policía Municipal con data de 11/05/2011 informa que a actividade de café-bar na estrada do Cruce núm. 29 baixo esquerda está en funcionamento e esta rexentado desde hai uns meses por Alberto Larrea Domínguez.

Conforme o disposto no artigo 87. da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, producirá a terminación do procedemento a imposibilidade material de continuo por causa sobrevenidas. A resolución que se dite deberá ser motivada en todo caso.

Segundo isto, propóñolle ó concelleiro coordinador delegado da Área de Urbanismo, Medio Ambiente, Mobilidade e Accesibilidade a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Arquivar o expediente de solicitude de cambio de titularidade de licenza de apertura de café-bar 2.7.2 na estrada do Cruce núm. 29 baixo esquerda a nome de Gloria Rodríguez Novoa.

Segundo.- Dar traslado da presente resolución a Alberto Larrea Domínguez coa advertencia de que esta a incorrer no exercicio dunha actividade sen a correspondente licenza ao seu nome, polo que deberá solicitar novamente o cambio de titularidade da licenza de café-bar que na actualidade figura a nome de Fernando J. Alonso Serantes.”

